

NOTA DE PRENSA

Con motivo do Día do Libro

A Biblioteca-Centro de documentación do MARCO difunde o seu labor e programa actividades específicas para o venres 22 e sábado 23 de abril.

O MARCO celebra o **Día do Libro 2022** cunha sesión especial de **obradoiro para público adulto**, e unha nova edición da experiencia de **Bookcrossing** en colaboración con outros museos e centros de arte, que terán lugar o venres 22 de abril, así como un **obradoiro para público infantil** o sábado 23 de abril.

A **Biblioteca-Centro de documentación** amplía o seu horario de atención ao público e a súa oferta de actividades e servizos.

A liña de **publicacións do MARCO** continúa sumando novos títulos, como o catálogo da exposición de **Quintana Martelo, Containers 2012-2021**, e o libro de **Manuel Vilariño, Elogio del confin**, que reúne nunha edición especial os *haikus* escritos polo artista durante o confinamento.

#BiblioMARCO #DíadoLibro #DíadoLibro2022



BIBLIOTECA-CENTRO DE DOCUMENTACIÓN. ACTIVIDADES E NOVIDADES

A Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO, inaugurada en 2004 e situada no 1º andar do Museo, ten como obxectivo proporcionar información bibliográfica, hemerográfica e audiovisual sobre a arte do século XXI e outros aspectos relacionados coa cultura contemporánea. De **acceso libre e gratuito** para o público en xeral, dispón de **rede WIFI**. O seu fondo bibliográfico abrangue áreas como teoría da arte, filosofía, historia, pedagogía, museoloxía, movementos artísticos ou coleccións. O corpo principal da Biblioteca son monografías, catálogos de artistas e catálogos colectivos, ademais dunha hemeroteca de revistas especializadas.

Hoxe en día, grazas á **ampliación de espazo de depósito** e labores de catalogación, o **fondo bibliográfico** incrementouse e conta cun total de **8.018 títulos**.

Horario ampliado

De martes a xoves, de 11.00 a 14.15 e de 17.00 a 20.00. Venres de 11.00 a 14.15

Disponibilidade de cita previa para persoal investigador, con atención personalizada e un horario máis amplo que se puxo en marcha a partir das restricións sanitarias e que tivo continuidade.



Boletín mensual #BiblioMARCO

O Boletín mensual de novidades envíase por correo electrónico a todas as persoas interesadas en recibir esta información, incluíndo as recentes incorporacións ao fondo bibliográfico e actividades previstas.

Visitas comentadas á Biblioteca-Centro de documentación

Achegamento aos servizos e actividades da Biblioteca-Centro de Documentación, o último xoves de cada mes, mediante reserva.


Mostras bibliográficas e información documental en paralelo ás exposicións

En paralelo ás exposicións temporais, a Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO prepara mostras bibliográficas na propia sala de lectura aberta ao público –a máis inmediata centrada no escultor **Francisco Leiro**– así como un dossier documental que reúne ligazóns a artigos, entrevistas e información complementaria sobre o artista.

Novas publicacións do MARCO e reanudación de intercambios e donacións

Tras algúns anos sen actividade editorial, a liña de publicacións do MARCO é unha actividade esencial que dende a Dirección do Museo se quere potenciar como ferramenta fundamental de investigación, documentación e difusión, como unha extensión da propia obra expositiva. Isto fai posible retomar a política de intercambios e envío de catálogos como doazón a outros museos e institucións, máis dun cento nos últimos meses.

Entre os últimos títulos publicados destaca o catálogo da exposición de **MANUEL QUINTANA MARTELO**, *Containers, 2012-2021*, acompañado dunha serie limitada de gravados dixitais con reprodución dalgunhas das obras presentes na exposición. Tamén, nunha edición moi coidada preséntase o libro de **MANUEL VILARIÑO**, *Elogio del confin*, que reúne en versión bilingüe (gal/cast) a colección de *haikus* escritos polo artista durante o confinamento. Ambas as dúas publicacións estarán dispoñibles no espazo da tenda-librería **LASAL Books**, recentemente inaugurada no vestíbulo principal.



#BiblioMARCO Extramuros: Actividades de difusión e colaboración

As actividades de difusión previstas inclúen unha presentación das actividades e servizos da Biblioteca-Centro de documentación do MARCO por parte da súa responsable Iria Fernández Mouriz, na Escola Municipal de Artes e Oficios (ciclo “Os venres da EMAO”, 29 de abril ás 19.00), que reforzará a colaboración entre ambas as dúas institucións. Tamén a proxección da película “De Profundis” e o coloquio co seu director Miguelanxo Prado, que tivo lugar no MARCO como actividade complementaria do Club de Lectura e accesible para persoas con minusvalidez auditiva, replicarase o 4 de xuño na sede do MUNCY (A Coruña) coa colaboración de ACOPROS.

Club de Lectura #BiblioMARCO

O Club #BiblioMARCO é unha actividade concibida como espazo de encontro e intercambio de experiencias para para persoas interesadas na relación entre literatura e a arte nas súas múltiples manifestacións. Máis alá da lectura en si, en cada sesión establécense relacións con obras e movementos artísticos, música e cinema, o que converte o club #BiblioMARCO nunha experiencia diferente que axuda a afondar nos contidos da creación contemporánea. Ademais, as sesións en si complementáanse con outras actividades (encontros con artistas, escritores, proxeccións...) relacionados coas lecturas de cada tempada.



Proxecto “Documentando o MARCO”

“Documentando o MARCO” é un proxecto dirixido dende a Biblioteca-Centro de documentación e iniciado en 2008. Partindo do pasado do edificio do MARCO como cárcere e xulgados, como lugar de memoria e espazo simbólico, trátase de reconstruír a “memoria viva” deste lugar a través de testemuños e da busca de material documental. Como traballo en proceso, nos últimos meses fixéronse grandes avances tanto na localización e clasificación de material documental, coma na recompilación de historias e experiencias persoais relacionadas co seu pasado e co seu novo uso como Museo de Arte Contemporánea.



PROGRAMACIÓN ESPECIAL CON MOTIVO DO DÍA DO LIBRO


LIBROS LIBRES! *Bookcrossing* 2022

Para público en xeral

Venres 22 de abril, a partir das 11.00

Lugar: escaleiras da fachada principal do MARCO e outros puntos da cidade

Un ano máis —e xa van 16— o MARCO súmase á experiencia de *Bookcrossing* promovida dende o ARTIUM de Vitoria-Gasteiz, e na que en cada edición participan numerosos museos e centros de arte. No caso do MARCO, “liberaranse” exemplares duplicados procedentes da Biblioteca, fronte á fachada principal e tamén repartidos en distintos puntos da cidade, seguindo a filosofía e o obxectivo de divulgación que inspirou esta iniciativa dende o seu nacemento.



Creando creaturas

Obradoiro para adultos conducido por María Xosé Martínez

Venres 22 de abril, de 17.00 a 18.30

Lugar: sala mediateca (1º andar)

Gratuito, previa inscrición a través do correo-e centro.documentacion@marcovigo.com

Prazas limitadas a 20 participantes. Reserva 20% para membros AAM

María Xosé Martínez, membro do equipo de didáctica do MARCO e con ampla experiencia en actividades para público infantil e familiar, ofrece este obradoiro orientado a público adulto en torno á exposición de Francisco Leiro, que se inaugura ese mesmo día nas salas da planta baixa. As obras de Leiro e en particular as súas criaturas antropomórficas servirán de base para unha actividade na que a imaxinación é unha compoñente esencial, e para a que non se require ningunha formación previa ou habilidade específica.



Cadernos telescópicos

Obradoiro para público infantil

Sábado 23 de abril, de 11.00 a 12.15 (de 3 a 6 anos) e de 12.15 a 13.30 (de 7 a 12 anos)

Lugar: Espazo Anexo (praza peonil posterior)

O sábado 23 de abril, Día do Libro, a sesión de obradoiro para público infantil dedicarase a unha actividade relacionada co libro como obxecto artístico. Crearemos libros-cadernos “telescópicos” nos que, a partir dun simple recorte ou intervención sobre cada páxina, as imaxes se van sucedendo e creando novas composicións e significados.



Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 113908 / 986 113900

comunicacion@marcovigo.com